


ACTIVIDADES E OBRADOIROS NOS CENTROS CLIMÁNTICA ESO E BACHARELATO. CURSO 2009-2010



XUNTA DE GALICIA

UN CURSO MÁIS PRESENTAMOS A OFERTA DE
ACTIVIDADES CLIMÁNTICA
QUE SE DESENVOLVERÁ NOS CENTROS (DINÁMICAS DE GRUPO, FORMACIÓN DE
ESTUDANTES, XOGOS DE ROL...)



01

información xeral

→ QUEN PODE SOLICITAR ESTAS ACTIVIDADES*?

- » Aqueles centros de nova incorporación ao proxecto.
- » Aqueles centros que están traballando co proxecto climántica.
- » Centros de primaria públicos, concertados ou privados.

*Aos centros que xa pediron actividades háselles facilitar a solicitude de actividades novas.

→ COMO SOLICITAR AS ACTIVIDADES?

- » Cubrir a **ficha de solicitude de actividades** (ver documento anexo).
- » Enviar a ficha cuberta a climantica@climantica.org
- » De seguido, habémonos poñer en contacto cos centros para concretar as datas.

→ CALES SON AS PRIORIDADES PARA ASIGNAR OS OBRADOIROS?

- » Centros con profesores interesados en coñecer o proxecto a través dunha presentación de 10 minutos.
- » Centros con máis implicación no proxecto nos cursos pasados (premiados por aplicación, participación de estudantes nos 2 congresos, participación en cursos de formación, uso de materiais).
- » Centros de nova incorporación.



02

obxectivos didácticos



- » Entender a existencia dunha regulación térmica no planeta partindo do importante papel do CO₂ nesta regulación.
- » Recoñecer as fontes emisoras de CO₂ e cómo o seu aumento pode variar as condicións climáticas.
- » Entender o proceso do efecto invernadoiro.
- » Identificar os posibles efectos do cambio climático.



- » Recoñecer diferentes usos e fontes de enerxía renovables e non renovables.
- » Valorar as vantaxes das enerxías renovables.
- » Poñer de manifesto cómo o noso estilo de vida depende do consumo de enerxía.
- » Recoñecer a utilidade do Protocolo de Kyoto.



- » Entender a importancia de acadar e cumprir acordos internacionais dentro do novo contexto que xurda en Copenhague.

- » Comprender a importancia da auga como recurso limitado.
- » Entender a gravidade do empeoramento da calidade da auga a través dos vertidos.
- » Reflexionar sobre a necesidade da calidade na auga para a supervivencia dos seres vivos.

- » Reflexionar sobre o concepto de «calidade de vida» e consumo.
- » Establecer pautas de aforro e cambio de hábitos como parte da solución á problemática ambiental.
- » Reflexionar sobre a importancia que ten reducir o consumo dos recursos.
- » Observar que o consumo depende dos hábitos de vida.

- » Entender que consumir máis non é mellor.
- » Abordar o tema da desigualdade no uso dos recursos.
- » Recoñecer a limitación dos recursos e a capacidade de carga da Terra.
- » Estudar os conceptos de pegada ecolóxica e ciclo de vida dun produto.
- » Recoñecer os diferentes estilos de vida e a súa repercusión na problemática ambiental.



1.-FORMACIÓN DE ALUMNOS PARA IMPARTIR OBRADOIROS (en Semana das Ciencias, Día de...)

- » **Para quen?** ESO, BACH (6-18 persoas).
- » **Canto dura?** 3 sesións en 3 días diferentes (1ª Sesión (1h.): explicación e reparto de tarefas; 2ª Sesión (3 h.): desenvolvemento dos obradoiros; 3ª Sesión: reprodución dos obradoiros).
- » **En que consiste?** Preténdese formar a un pequeno grupo de estudantes a través dunha serie de obradoiros, que teñen que ver coas evidencias, causas e consecuencias do cambio climático, para que logo eles poidan impartilos dun xeito sinxelo e práctico á comunidade educativa nunhas xornadas que se organicen no centro (Semana das Ciencias, Día Mundial do Medio Ambiente...).

2.-DINÁMICA DO CAMBIO CLIMÁTICO

- » **Para quen?** ESO, BACH (ata 40 persoas).
- » **Canto dura?** 1 sesión.
- » **En que consiste?** A dinámica consta de fichas en formato A3 ilustradas con fotografías sobre as que, en pequenos grupos, se expoñerán unhas ideas previas acerca do cambio climático, as causas e os efectos. Nos cursos superiores hase facer tamén unha composición con fichas A3 ilustradas con infografías que, dispostas nunha orde lóxica, a modo de dominó, expresen as causas e consecuencias do cambio climático. Nunha última parte cada persoa do grupo poderá achegar as súas solucións.

3.-XOGO DE ROL: «Cal é o prezo da nosa dependencia enerxética?»

- » **Para quen?** ESO, BACH (mínimo 10 e ata 30 persoas).
- » **Canto dura?** 2 sesións.
- » **En que consiste?** Proponse unha situación enerxética ficticia, pero que podería ser real, e repártense uns roles. Tras un tempo de traballo, cada grupo ten que propoñer unha solución á problemática formulada argumentando o porqué da súa elección. Despois, entre todos, terán que acordar unha solución.

4.-XOGO DE ROL: «Cume internacional do clima»

- » **Para quen?** ESO, BACH (10-20 persoas).
- » **Canto dura?** 1 sesión.
- » **En que consiste?** Exponse a situación dun cume internacional sobre o clima para acadar un novo Protocolo de Kyoto cunhas novas cotas de CO₂. Despois de repartir os diferentes papeis con diversa información correspondente a cada rol, iníciase un debate sobre o posible acordo de Copenhague. Ao final desta sesión farase unha posta en común.



5.-XOGO DO ELEMENTO OCULTO

- » **Para quen?** 5º e 6º de primaria (10-20 persoas).
- » **Canto dura?** 1 sesión.
- » **En que consiste?** Repártense fichas coa descrición de varias personaxes de diferentes profesións e países. A través da interrelación de todos os datos proporcionados nas diferentes fichas, débese identificar o produto oculto que se agocha nelas. Calculárase a pegada ecolóxica dese produto.

6.-DEZ PREGUNTAS SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO

- » **Para quen?** ESO (20 persoas).
- » **Canto dura?** 1 ou 2 sesións.
- » **En que consiste?** Pequenos grupos teñen que responder diferentes preguntas sobre o cambio climático; logo farase unha posta en común.

7.- OBRADOIRO DE PUBLICIDADE: «A publicidade e o noso consumo»

- » **Para quen?** ESO, BACH (20 persoas).
- » **Canto dura?** 1 sesión.
- » **En que consiste?** Faise unha análise publicitaria e constrúese un anuncio para transmitir diferentes valores acerca de cómo consumimos.